



CONCELLO DE SAN SADURNIÑO (A Coruña)
correo@sansadurnino.dicoruna.es
R.E.L. n_ 1575001. N.I.F.: P1507700A

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560-SAN SADURNIÑO
Telf.: 981 495 205-Fax: 981 490474

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na sesión celebrada o pasado día 3 de novembro de 2007, acordou aprobar provisionalmente a modificación ou reformulación das Ordenanzas Fiscais que seguidamente se indicarán. Exposta ó público a devandita aprobación provisional, mediante publicación de anuncio no BOP nº 258, do 8 de novembro de 2007, sen que se presentase reclamación ou alegación algunha, mediante o presente publícanse os textos íntegros desas Ordenanzas Fiscais, que son os seguintes:

ORDENANZA FISCAL Nº11, **REGULADORA DE TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXIS E** **DEMAIS VEHICULOS DE ALUGUER**

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Ley 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local e, de conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, este Concello establece a exacción da taxa por licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/88.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa, a prestación dos servicios e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis, autoturismos e demais vehículos de aluguer a que se refire o Regulamento aprobado por Real Decreto 763/1979, do 16 de marzo (B.O.E. Do 13 de abril), sinalanse a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas
- b) Autorización para substitución de vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio voluntario ou por imposición legal ou regulamentaria.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

Están obrigados ó pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

1. Persoas ou entidades a cuxo favor otorgase a concesión e expedición da licenza, o en cuxo favor autorícese a transmisión da mesma.
2. O titular da licenza cuxo vehículo sexa obxecto de substitución

Artigo 4º.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebra, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

- 1.- A cota tributaria será unha cantidade fixa, con arranxo á seguinte tarefa:

- 1.- Concesión e expedición de licenzas: 90 €
- 2.- Autorización para a transmisión de licenzas:
 - b. Transmisión “inter vivos”: 90 €
 - c. Transmisión “mortis causa”: 60 €
- 3.- Sustitución de vehículos: 30 €

2.- As anteriores tarifas actualizaranse anualmente e de forma automática segundo o índice de prezos ó consumo (IPC) publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Artigo 6º.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da taxa.

Artigo 7º.- Devengo.

Devengase a taxa e nace a obrigaçión de contribuir, nos casos do artigo 2º, na data co Concello conceda e expida a correspondente licenza ou autorización

Artigo 8º.- Demanda do servizo e liquidación para ingreso directo.

1. A realización das actividades e a prestación dos servizos suxeitos a esta taxa levaranse a cabo sempre a instancia de parte.

2. As cotas correspondentes serán obxecto de ingreso directo, previa liquidación unha vez concedidas as licenzas ou autorizacións de que se trate e realizados os servizos solicitados, procedendo os contribuintes o seu pago no prazo establecido no Regulamento Xeral de Recaudación.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

As infraccións tributarias e a súa calificación e as sancións que correspondan en cada caso rexiranse polo que establece o artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Final.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.